

ASOCIACIÓN MUSICAL Y CULTURAL CANTABILE

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2022



1. A Asociación

A Asociación Musical y Cultural Cantabile, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 169832, é unha entidades en ánimo de lucro e dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, segundo o establecido na L.O. 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación. Xestiona a actividade do Coro Infantil e Xuvenil Cantabile.

Está inscrita tamén no Censo de Asociacións Xuvenís, dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia como Entidade prestadora de servizos á xuventude.

No momento de redacción desta Memoria, figuran como asociadas un total de 146 persoas, 82 mulleres e 64 homes

Pola súa banda, o Coro Cantabile contabiliza un total de 54 coralistas, 26 rapazas e 28 rapaces.

2. Actividades

O fin principal da asociación, é promover entre nenos, nenas, mozos e mozas o interese pola música e a cultura. Este fin concretízase nos seguintes:

A formación dun coro para a preparación e interpretación de música e posibeis formacións musicais paralelas a ese coro cos mesmos fins, prestando especial atención ao aprendizaxe musical na nenez e a mocidade.

- A difusión da cultura, especialmente a música, e o seu emprego para favorecer o desenvolvemento cultural da nosa contorna.
- Propiciar a cooperación e o intercambio cultural entre a Asociación e calquera outra asociación musical ou cultural, xa sexan nacionais ou estranxeiras, en calquera das súas formas.
- A promoción da igualdade e a inclusión social das diversidades desde e na cultura e máis especificamente desde e na música.
- A promoción e defensa da lingua e a cultura galegas.

Este fin principal tradúcese, por unha banda, nos ensaios. Pola outra, na execución de concertos e actos musicais ou culturais, coa dobre finalidade de expoñer aos nenos e nenas en proceso de aprendizaxe ante o público e, nalgúns casos, de contribuír ao sostemento desta actividade formativa.

Non podemos esquecer as actividades lúdicas, como maneira de facer atractivo o proceso formativo, de fomentar a solidariedade e o compañerismo entre as e os compoñentes do coro habida conta da diferenza de idade, e de facilitar o traballo en equipo.

E así, o principal cometido da Xunta Directiva convírtese na organización destas múltiples actividades que, como xa se dixo, forman parte do proceso formativo e financian a actividade do coro.

A actividade da Asociación durante o ano 2022 pode estruturarse en catro grandes apartados, desagregados a continuación:

2.1. Actividade formativa musical

A finalidade principal da asociación é a formación dun coro para a preparación e interpretación de música. Esta finalidade acádase a través da preparación dun repertorio nos ensaios ordinarios e extraordinarios que se convoquen, xunto coa impartición e organización de cursos especializados de canto ou técnica vocal. Estes últimos, ademais de para as persoas compoñentes do coro, están abertos a calquera persoa interesada. A formación desenvólvese durante todo o ano os sábados pola mañá. No período estival a rapazada do coro, democraticamente, elixe o horario que máis lle convén. Este calendario complementábase con ensaios extraordinarios cando a actividade do coro así o exige.

Os obxectivos desta actividade son:

- Ampliación permanente do repertorio engadindo pezas, principalmente do barroco, e outras, prestando especialmente atención á música galega e outras obras corais, así como encargos ou pezas creadas ad-hoc.
- Incorporar novas voces ao coro que substitúan aos mozos e mozas que marchan. A taxa de abandono é importante, polo rango de idade dos compoñentes do coro que mudan de residencia por estudos, traballo, etc. Por suposto, a actividade do coro é complementaria para a formación da mocidade, polo que é imposible reter á xente que ten que marchar, así que o obxectivo tradúcese na captación de novas voces para manter un número regular de coralistas.
- Impartir o curso anual especializado de canto. Este curso ten os seus obxectivos específicos que son profundizar na técnica para acadar un ótimo uso do aparato respiratorio aplicado ao canto e na correcta emisión da voz falada e cantada, facer esta profundización de forma amena e divertida e amosar os avances acadados, individuais e colectivos, diante do público, nun concerto específico coas pezas preparadas no curso.

Ensaio

Durante o ano 2022, Pablo Carballido del Camino, tenor e mestre de canto, programou os ensaios todos os sábados, de 11 a 14 horas. Durante os meses de verán, o director programa os ensaios pola tarde, a petición do coro nos horarios que elixan democraticamente.

A asistencia aos ensaios é obrigatoria para coralistas e precoralistas. É habitual tamén, traballando algunha obra musical, que os ensaios se organicen por cordas vocais, a requirimento do director, para o que o Coro emprega as dúas salas do local de ensaio.

Sección Xuvenil

A Sección Xuvenil, formada por coralistas maiores de 14 ou máis anos, e dirixida e autoxestionada polos seus membros, tamén veu mediatizada a súa actividade pola crise sanitaria, sobre todo ante a cancelación do concerto da Noite das Candeas e o de Nadal.

2.2. Actividades educativas

Non foi posible impartir o habitual curso de canto pola baixa laboral do director. Malia a melloría das condicións sanitarias, non se organizou ningunha actividade cultural ou educativa paralela, agás a viaxe a Cuenca-Valencia.

Os medios cos que conta a Asociación para esta actividade son o local de ensaio na avenida de Hércules, 57, baixo, o director, Pablo Carballido del Camino, tenor e mestre de canto e pianista acompañante, IMGGA Música, SL (Maria Keilin)

En canto ao grao en que se cumpriron os obxectivos, o resultado é desigual. Comentouse xa que non se puido celebrar o curso de canto, o coro traballou para incorporar ao repertorio o Réquiem de W.A. Mozart, mais finalmente no concerto aniversario se optou por un repertorio de nadal. Peso á baixa laboral do director, o coro continuou co seu traballo baixo a dirección de Maria Keilin, o que permitiu ao coro atender diversos compromisos de nadal (inauguración do nacemento, Concerto de Nadal coa Banda Municipal de Música da Coruña, etc.), polo que o balance pode considerarse positivo.

2.3. Actividades formativas socioculturais e lúdicas

Sería complicado manter un número constante de coralistas se as únicas actividades que desenvolvese a asociación fosen os ensaios e os concertos. Así, a Xunta Directiva intenta completar a formación en técnica vocal con outras actividades culturais ou de lecer (ou, se é posible, actividades que combinen ambas facetas) que sirvan como reclamo para a permanencia da rapazada no coro. Así, a Asociación organiza anualmente como mínimo unha viaxe cultural na que se ofrece tamén un concerto nun lugar senlleiro do destino.

Xa que logo, os obxectivos desta actividade son os seguintes:

- Organización de, mínimo, unha viaxe cultural anual e, dentro dela, organización dun concerto na cidade destino.
- Organización da festa de San Xoán, cea aniversario, amigo invisible, campionatos deportivos de nadal, e outras actividades de lecer.
- Organización de conferencias e debates sobre tomas de actualidade e visitas culturais na cidade.

A situación sanitaria provocou a cancelación de multitude de actividades no nadal 2021-22. A progresiva melloría da situación ao longo do ano permitiu volver á normalidade e permitiu realizar a viaxe cultural do verán a Cuenca-Valencia tres anos despois.

Tamén puidemos retomar a reunión para festexar o aniversario da Asociación.



Como actividades lúdicas, celebramos o amigo invisíbel no mes de xaneiro, con recollida de agasallos por grupos e apertura online.

Con motivo dun concerto en Compostela e outro en Baiona, organizáronse tamén senllas excursións con comida en grupo para fomentar a convivencia.

Poder organizar e realizar a viaxe cultural é indicador dabondo para considerar cumprido este obxectivo. A directiva iniciou a organización da festa de San Xoán mais non houbo interese entre os e as coralistas, polo que finalmente se desbotou a idea.

2.4. Outras actividades de interese comunitario

Como parte tamén do proxecto formativo, o repertorio preparado necesita ser interpretado ante o público, Así, a actividade de Cantabile xera unha oferta cultural de balde mais de calidade na cidade da Coruña e outras localidades. Dentro deste apartado destaca tamén *Cantabile solidario*, a través do cal a Asociación e o coro ofrécense para participar en actividades de interese comunitario, como a recadación de fondos para fines sociais, a visita a persoas maiores en residencias, con concerto incluído, etc. É de sobra coñecida a importancia da música para as persoas maiores, os beneficios que produce nelas,

mellorando a súa comunicación estimulando as habilidades verbais a través da rítmica e fortalecendo a súa memoria traballando a reminiscencia e a aprendizaxe.

- Organización dos concertos propios incluídos no contrato que anualmente se asina co IMCE dentro do Plan de Apoio a entidades musicais.
- Participación no resto de concertos organizados polo IMCE ou o Concello da Coruña dentro deste Plan.
- Participación en eventos privados.
- Ofrecer tres concertos solidarios.

Neste apartado, comenzamos o ano con moitas precaucións tendo que suspender actuacións xa previstas, normalizándose progresivamente a actividade. Como resultado, desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Concentración *Solidaridad con Ucrania*, pa praza de María Pita, o 18 de marzo
- Misa cantada na Catedral de Santiago, peregrinación das parroquias da Coruña, o 30 de abril.
- Evento privado na igrexa de Santiago o 21 de maio.
- Participación no XXV *Encuentro de Música Coral Fonseca*, o 27 de maio
- Evento privado na igrexa de San Martiño Plnario, en Santiago de Compostela, o 28 de maio.
- Evento privado na Orde Terceira o 4 de xuño
- Concerto de solistas do Coro Cantabile, o 25 de xuño, na igrexa das Capuchiñas.
- Evento privado na Colexiata do Sar, Santiago de Compostela o 2 de xullo.
- Participación na misa cantada o 9 de xullo, 50 aniversario da ordenación sacerdotal de don Xosé Luis Veira.
- Concerto na feira LGTBI con motivo do orgullo 2022 na praza de Lugo da Coruña o 16 de xullo.
- Concerto na Basílica dos Desamparados, Valencia, o 2 de agosto
- Noite das Candeas, na igrexa das Capuchiñas, o 27 de agosto
- Evento privado en Santa María de Baiona, o 3 de setembro
- Participación xunto a Carlos Núñez no evento solidario TrezeLuzes na Finca Montesqueiro, a beneficio da Fundación Meniños, o 15 de setembro
- Evento privado na igrexa de Santiago o 17 de setembro.
- Evento privado na igrexa de San Salvador de Bergondo, o 29 de outubro.
- Concerto na igrexa de Santa María Atalaia, Laxe, o 27 de novembro, dentro das Xornadas Música e Patrimonio en Laxe.
- Inauguración do nacemento artístico no Palacio de María Pita da Coruña o 9 de decembro
- Concerto de Nadal da Banda Municipal de Música da Coruña, Teatro Colón, o 18 de decembro.
- Concerto XX Aniversario Cantabile, igrexa de San Nicolás, 29 de decembro
- Evento privado na igrexa de San Francisco, Santiago de Compostela o 30 de decembro



Polo tanto, pode considerarse moi positivo o grao no que se cumpriron os obxectivos, tanto en eventos privados, como solidarios, como na execución do Plan de Apoio a Entidades Musicais, ademais da colaboración coa Banda Municipal que incrementou en moitas persoas a asistencia aos concertos do coro.

3. Actividade xeral da Asociación

Este programa inclúe todas aquelas actividades puntuais levadas a cabo pola asociación que non se poden circunscribir exclusivamente a algún dos outros programas ademais do traballo interno da asociación.

Os obxectivos son a elaboración e sometimento á asemblea ordinaria de socios e socias da memoria, contas, orzamento e inventaria, e a actualización constante da páxina web e dos perfís de redes sociais. A Asociación intentou estar presente en redes sociais e compartir co público a actividade do coro a través, por exemplo, da publicación dos boletíns, lembranzas de viaxes, promoción dos nosos concertos e cursos e percorridos pola nosa nova páxina web.

No ano 2020 a Asociación comezou a iniciativa do bono cultural para a rapazada do coro, como compensación pola imposibilidade de organizar a viaxe cultural. No ano 2022, malia que xa se organizou a viaxe, continuamos con esta iniciativa.

A Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria, reunida o 8 de maio de 2022 aprobou as contas, a Memoria de Actividades e elixiu nova directiva presidida por Gabriel Ríos Maneiro.

4. Presencia nas redes sociais

A Asociación mantén actualizados os perfís en redes sociais do Coro. Conta, no momento de elaboración desta memoria con:



1170 suscriptores



1321 seguidores



587 seguidores



1697 seguidores

Ademais, 1.090 usuarios accederon á web <http://www.corocantabile.gal> nun total de 1.370 sesións, o que supuxo un 80% menos con respecto ao ano 2021.

5. Recursos económicos

A Asociación obtén, como se explica máis polo miúdo no documento coas contas do exercicio, recursos das cuotas das persoas asociadas, dos eventos para os que é contratado e das subvencións das administracións públicas ás que opta. Durante o ano 2022, optou ao Plan de Apoio ás Entidades Musicais do IMCE e do Concello da Coruña, conseguindo a maior cantidade económica posible e completáronse todos os eventos que incluía. O proxecto presentado a esta convocatoria opta cun caché variable dependendo do concerto de que se trate. A Asociación optou tamén á subvención en concorrencia competitiva da Deputación Provincial da Coruña para corais, da que se fixo xa mención no apartado anterior, que xa está xustificada. Neste ano, a Xunta Directiva optou por non

presentar ningún proxecto á convocatoria da Rede Cultural da Deputación para non saturar á rapazada con tanto concerto. Esta decisión pode considerarse acertada pola cantidade de actuacións desenvolvidas ao longo do ano.

A Xunta Directiva, ante a volta a actividade considerada normal, viaxe cultural e cea aniversario incluídas, decidiu voltar a cobrar as cuotas societais no ano 2022. A actividade normal da Asociación supón unha serie de compromisos que necesita ingresos para afrontalos.

Por estes motivos e fundamental o mantemento da masa social. Aproveitamos este documento para pedir a colaboración dos socios e das socias na xestión da asociación. Esta xestión implica unha elevada carga de traballo, máis unha carga gratificante polo que significa o proxecto Cantabile.

6. Indicadores de xestión¹

Indicador	2019	2020	2021	2022	
Número de persoas asociadas	154	160	161	146	
				MULLERES	HOMES
				82	64
Número de coralistas	69	60	56	54	
				MULLERES	HOMES
				26	28
Número de precoralistas	2	5	0	5	
				MULLERES	HOMES
				1	4
Número de concertos	19	13	11	21	
%Execución Plan de Apoio IMCE	100	100	100	100	
Número de seguidores Twitter	1551	1307	1452	1321	
Número suscriptores YouTube	558	966	1050	1170	
Número de seguidores instagram	479	552	587	587	
Número de visitas páxina web	7693	4240	5552	1370	

¹ Datos actualizados a 30.04.2023

7. Perspectivas de futuro

Os datos amosados reflicten a recuperación total da actividade da Asociación: o coro supera o número de concertos de 2019, organizarse a viaxe cultural, etc.

Esta recuperación da actividade traerá consigo a necesidade de aumentar a capacidade de xestión da xunta directiva e da dirección artística. O obxectivo non pode ser outro que a recuperación do número de coralistas perdido o que repercutirá tamén no incremento da masa social e do número de persoas que poden participar na xestión. Cómpre para isto ter unha oferta formativa e musical atractiva, acompañada dun atractivo abano de actividades socioculturais e lúdicas paralelas. A consolidación dos ingresos, tanto provintes das administracións públicas, como de eventos privados debe ir acompañada dun incremento dos ingresos por cuotas de persoas asociadas para que, en caso de merma dos primeiros, o incremento dos segundos amortigüen a baixada. Esta regularidade na recadación debe acompañar, como non pode ser doutra maneira, ao enriquecemento dos servizos prestados ás persoas asociadas, como xa se dixo. Obviamente esta carteira de servizos incrementará os gastos, xa elevados debido ao incremento do custe do contrato de aluguer o os contratos accesorios, como son a limpeza, as telecomunicacións, así como os costes de persoal e os derivados de seguros, prevención de riscos laborais, etc.